

## **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

[Aprobado en reunión da CCP de data 14/6/2017; ampliado en reunión da CCP de data 30/1/2018]

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. XUSTIFICACIÓN**
  - 2.1. Contexto legal**
  - 2.2. Contexto administrativo**
  - 2.3. Contexto do IES do Milladoiro**
- 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES**
  - 3.1. Necesidades do alumnado**
  - 3.2. Necesidades do resto da comunidade educativa**
  - 3.3. Identificación das necesidades**
  - 3.4. Recollida e tratamento da información**
- 4. OBXECTIVOS**
  - 4.1. Obxectivos xerais**
  - 4.2. Obxectivos específicos**
- 5. ACTUACIÓN, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
  - 5.1. Medidas lexisladas**
  - 5.2. Actuación, medidas e programas no IES do Milladoiro**
- 6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**
  - 6.1. Criterios legais**
  - 6.2. Criterios xerais**
  - 6.3. Criterios do IES do Milladoiro**
- 7. MEDIDAS ESPECÍFICAS E PAUTAS DE ACTUACIÓN CON ALUMNADO DIAGNOSTICADO CON TDAH**
  - 7.1. Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario**
  - 7.2. Criterio no IES do Milladoiro e outras medidas co alumnado diagnosticado con TDAH**
- 8. ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**
- 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**
  - 9.1. Mecanismos de colaboración interno**
  - 9.2. Mecanismos de colaboración co centro adscrito**
  - 9.3. Mecanismos de colaboración con outros centros**
- 10. CANLES DE COLABORACIÓN**
  - 10.1. Canles de colaboración coas familias**
  - 10.2. Canles de colaboración cos diferentes servizos externos ao centro**

## **11. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS**

### **11.1. Protocolo para as medidas ordinarias**

### **11.2. Protocolo para as medidas extraordinarias**

## **12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

## **13. ANEXOS CON MODELOS DE INTERVENCIÓN OU TRAMITACIÓN DAS INTERVENCIÓNS**

- a. ANEXO I: Táboa matrícula curso 2016-17**
- b. ANEXO II: Táboa necesidades do alumnado curso 2016-17**
- c. ANEXO III: Táboa do alumnado estranxeiro curso 2016-17**
- d. ANEXO IV: Táboa de información do alumnado do centro adscrito**
- e. ANEXO V: Táboa de avaliación inicial e de avaliación final**
- f. ANEXO VI: Táboa informativa das necesidades e MAD para as programacións**
- g. ANEXO VII: Solicitud e ao EOE**
- h. ANEXO VIII: Programa de lectoescritura**
- i. ANEXO IX: Solicitudes e autorizacións para as medidas ordinarias e extraordinarias**

**Modelo 1. Autorización para a avaliación psicopedagóxica**

**Modelo 2. Rexistro de seguimento tutorial do rendemento do alumnado**

**Modelo 3. Informe tutorial do centro adscrito**

**Modelo 4. Consello orientador**

**Modelo 5. Informe trimestral e final do profesorado PT**

**Modelo 6. Informe de RE do profesorado**

**Modelo 7. Autorización familiar para exención de 2ª Lingua Estranxeira**

**Modelo 8. Autorización da dirección do centro para exención da 2ª Lingua Estranxeira**

**Modelo 9. Autorización familiar para o programa de HHSS**

**Modelo 10. Autorización familiar para PROA**

**Modelo 11. Autorización familiar para apoio PT**

**Modelo 12. Autorización familiar para agrupamentos flexibles**

**Modelo 13. Modificación do agrupamento flexible. Información ás familias**

**Modelo 14. Autorización familiar para integración de materias en ámbitos**

**Modelo 15: Informe tutorial para PMAR**

**Modelo 16. Autorización familiar para PMAR**

**Modelo 17. Acta da comisión do PMAR**

**Modelo 18. Autorización e solicitud e da Dirección á Inspección para PMAR**

## 1. INTRODUCCIÓN

A LOMCE, Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, “modifica en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.”

Sínálase que “os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade (MAD) establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.”

Segundo o disposto no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 7, “Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.”

Segundo o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a diversidade, pois, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo. Esta realidade vén derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática. É, por tanto, responsabilidade de cada profesor/a atender as necesidades que presenta o seu alumnado para contribuír a ese desenvolvemento.

En definitiva, concíbese a atención á diversidade, tal e como se recolle no xa mencionado Decreto 229/2011, como “O conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.”; e o PXAD (Plan xeral de atención á diversidade) como “documento en que se articula a atención á diversidade e no que se concretarán todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.”

## **2. XUSTIFICACIÓN**

### **2.1. Contexto legal**

- a. *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).*
- b. *Ley 26/2015, de 28 de julio, de modificación del sistema de protección a la infancia y a la adolescencia.*
- c. *A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*
- d. *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- e. *Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- f. *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- g. *Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.*
- h. *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.*
- i. *Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas asociadas a condicións persoais de sobredotación.*
- l. *Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*
- m. *Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.*
- n. *Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Profesional.*
- ñ. *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- o. *Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato.*
- p. *Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o procedemento para a admisión de alumnado.*

### **2.2. Contexto administrativo**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa "Estratexia de convivencia escolar en Galicia 2015-2020" pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, a que

o alumnado, en particular, e a sociedade, en xeral, saiban vivir e comportarse, de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.

Algúns destes eixes teñen que ver coa atención á diversidade e na páxina <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> propóñense diferentes plans e actuacións para termos en conta na atención á diversidade (que no punto 5.2 aparecen sinalados).

Asemade, a Consellería pon a disposición dos centros un espazo que pretende ofrecer orientacións, recursos e enlaces de interese que contribúan na atención á diversidade e dean resposta a unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa: <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion/1556>

### **2.3. Contexto do IES do Milladoiro**

#### a) Datos da contorna

O IES do Milladoiro é un centro escolar que dá servizo ao maior dos núcleos urbanos de Ames, no que viven case 13.000 persoas. O rápido crecemento do Milladoiro nos anos noventa foi acompañado dunha reivindicación social a prol da construción dun centro de ensino secundario, reivindicación que se fixo realidade no curso 2013/2014, cando comezou a funcionar o Instituto. Se a matrícula do primeiro ano de funcionamento foi de 291 alumnas e alumnos, é xa de case 450 persoas no 2016/2017, cifra que previsiblemente seguirá medrando, dado que o municipio de Ames é dende o punto de vista demográfico un dos máis dinámicos de Galicia.

O alumnado do IES do Milladoiro presenta niveis socioculturais moi variados e responde ás novas realidades familiares existentes na sociedade. Esta diversidade amplíase coa presenza dunha porcentaxe relativamente elevada de alumnado procedente do estranxeiro, que se incorpora ao longo de todo o curso, mesmo na terceira avaliación e, en non poucas ocasións, con desfases curriculares severos. Aínda que a poboación inmigrante constitúe no Milladoiro un dos colectivos con maior risco de exclusión, o alumnado non ofrece dificultades de integración escolar, pero obriga a prestar especial atención aos procesos de acollida, ao respecto á multiculturalidade e ao apoio das necesidades educativas derivadas desta situación.

O centro adscrito ao IES do Milladoiro é o CEP de Ventín (<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepdeventin/>), e a maioría do noso alumnado en 1º da ESO procede deste centro, co que se ten establecido, e preténdese mellorar, unha coordinación e colaboración continua e eficaz tal e como se explica no apartado 9 deste plan.

#### b) Datos do centro

Os datos do alumnado matriculado no IES do Milladoiro, clasificado por cursos e etapas, e sobre os que se elabora este plan, aparecen no ANEXO I.

#### c) Documentos do centro

Referencia obrigada son os diferentes documentos do centro: PE (en elaboración), Plan de Convivencia (en elaboración), PXA, PAT, Plan de Acollida, PO e dos PT e as diferentes programacións e proxectos (Proxecto Lingüístico pendente de elaborar). O obxectivo do centro é crear unha dinámica de atención ás diferentes necesidades do alumnado e da comunidade educativa que vén determinada pola consideración de realizar unha verdadeira prevención e promoción de educación para a saúde e así organizar a resposta ao redor de tres eixes (físico, mental e social) para atender á necesidade primordial do noso alumnado que é a de medrar e desenvolverse como persoa, como alumno/a e como futuro profesional de xeito integral.

d) Rede do IES do Milladoiro

Coa consolidación da Rede do IES do Milladoiro estase a construír unha rede de traballo coas diferentes institucións e axentes cos que colabora o centro. En relación a atención á diversidade contamos co Concello de Ames, que ofrece clases de reforzo educativo para alumnas e alumnos de 1º e 2º da ESO de familias que, polas súas condicións laborais ou socioculturais, non presentan un clima adecuado para favorecer o traballo escolar dos seus fillos e fillas en horario extraescolar. Tamén contamos cun convenio co Secretariado Xitano que, a través do Programa Promociona ofrece un seguimento escolar ao alumnado de etnia xitana.

e) Contratos–Programa

Por outra banda, o IES do Milladoiro participa dende o curso 2015-16 no desenvolvemento dos Contratos–Programa ofertados pola Consellería: Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA); Mellora da convivencia e promoción da igualdade; Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar; Mellora das competencias clave. Esta participación pode continuar, modificarse, ampliarse ou non realizarse en función das necesidades e prioridades de cada curso escolar.

En relación á atención á diversidade cabe destacar as actuacións realizadas no curso 2016-17:

- O PROA, a través do cal se atende o alumnado da ESO con desfase curricular (dous grupos: 1º+2º da ESO e 3º+4º da ESO).

- Mellora das competencias clave: unha acción piloto de desenvolvemento da competencia matemática, "Anaquiños Matemáticos", dirixida ao alumnado de 1º da ESO e realizada en colaboración co Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxes3) e a Área de Didáctica da Matemática da Facultade de Ciencias da Educación da USC.

### 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

#### 3.1. Relación de necesidades do alumnado

En xeral, as necesidades que pode presentar o alumnado, e que poden variar dun curso a outro, aparecen na táboa seguinte. A táboa do ANEXO II reflicte os datos das necesidades que presentou o alumnado durante o curso 2016-17.

Necesidades do alumnado
<b>Educativas Especiais (NEE)</b>
Discapacidade intelectual
Discapacidade motórica
Discapacidade sensorial
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome de Asperger
Trastornos graves de conduta
<b>Específicas de Apoio Educativo (NEAE)</b>
Altas Capacidades
TDAH
Dislexia

Incorporación tardía
Necesidades específicas de aprendizaxe
<b>Desvantaxe Socio-Educativa (NDSE)</b>
Ambientes desfavorecidos - marxinais
Etnia xitana
<b>Atención Educativa por Enfermidade (NAEE)</b>
Atención educativa domiciliaria
Atención educativa hospitalaria

Se a atención á diversidade está dirixida a todo o alumnado, non se poden esquecer outras necesidades que presenta ou que pode presentar o alumnado e que dalgún xeito inflúen no seu proceso de aprendizaxe. Ditas necesidades teñen que ver con:

- Necesidades propias da súa etapa evolutiva: puberdade e adolescencia.
- Necesidades relacionadas coa xestión e organización do estudo.
- Necesidades relacionadas coa construción socio-cultural da subxectividade das persoas hoxe: violencia estrutural, inmediatez, pouca tolerancia á frustración, dependencias que non favorecen a autonomía e responsabilidade, desprestixio do saber e do esforzo.
- Necesidades relacionadas coas situacións familiares e sociais.

Para estoutras necesidades o IES do Milladoiro complementa as medidas que se mencionan neste plan con outras que aparecen nos diferentes documentos de centro mencionados no punto 2.3.c e con diferentes programas e proxectos que se levan a cabo.

Por outra banda hai que insistir, tal e como se recolle na contextualización deste plan, na consideración especial co alumnado procedente do estranxeiro nas diferentes actuacións en relación á atención á diversidade, tendo en conta o establecido no Plan de Acollda do centro. É importante sinalar a relevancia do proceso de acollida e das probas de nivel que os departamentos deben facilitar para o alumnado que se incorpora ao longo do curso. Na táboa que figura no ANEXO III aparece o alumnado procedente do estranxeiro matriculado no centro durante o curso escolar 2016-17.

### 3.2. Relación de necesidades do resto da comunidade educativa

Colectivo	Necesidades
Familias	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recibir e proporcionar a información das necesidades do alumnado, das medidas adoptadas e do seu seguimento.</li> <li>-Asesoramento e coordinación cos titores/as, profesorado e departamento de orientación.</li> <li>-Delimitación das funcións familiares fronte ás funcións dos profesionais do centro educativo en relación á atención das necesidades educativas.</li> <li>-Facilitar a coordinación, se procede, con outros profesionais externos que atenden o alumnado.</li> </ul>

Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Información das necesidades que presenta o alumnado.</li> <li>-Información e asesoramento de pautas, orientacións e materiais para atender ditas necesidades.</li> <li>-Coñecemento e utilización de metodoloxías que favorezan a inclusión.</li> <li>-Mellorar a coordinación no seu departamento, co titor/a dos grupos onde imparte clase, co equipo docente deses grupos, co departamento de orientación (DO) e co profesorado de pedagogía terapéutica (PT), se procede, e coa xefatura de estudos (XE).</li> <li>-Asesoramento e apoio do departamento de orientación na elaboración de obxectivos e contidos por niveis para as adaptacións curriculares significativas (ACS) e outras medidas.</li> <li>-Establecer unha aula de apoio para o profesorado de PT, específica e de utilización propia do profesorado de PT, na medida do posible.</li> </ul>
Centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Contar cos recursos humanos necesarios para poder proporcionar atención educativa acorde ás necesidades do alumnado, en especial ao alumnado procedente do estranxeiro.</li> <li>-Consensuar un eixe de actuación común entre departamentos para a atención á diversidade.</li> <li>-Mellorar na coordinación e cooperación entre departamentos.</li> <li>-Aposta por unha atención á diversidade de inclusión que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.</li> <li>-Elaborar un plan lingüístico, liderado polos departamentos de linguas, que teña en conta a realidade e necesidades do noso alumnado.</li> </ul>
Centro adscrito	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Continuar na liña de mellora de intercambio da información.</li> <li>-Realizar actuacións conxuntas de prevención e intervención.</li> <li>-Construír un criterio común de atención ás necesidades especiais de apoio educativo e outras.</li> </ul>
Contorno comunitario	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coordinación das diferentes actuacións en relación ás medidas de atención á diversidade (MAD).</li> <li>-Utilización eficaz de recursos en función das necesidades do alumnado para atender o máximo número de alumnos/as e non duplicar servizos.</li> </ul>

### 3.3. Identificación das necesidades

Momentos e procedementos de detección de necesidades do alumando ao longo do curso:

a) Inicio de curso: unha vez que se ten información do alumnado (do centro adscrito, do de procedencia ou do curso pasado) procédese a identificar a necesidade e pór en marcha a actuación pertinente para atendela segundo o procedemento e protocolos que se describen neste plan. Infórmase aos departamentos, a través da dirección do centro, para que teñan en conta esta primeira información nas súas programacións.

b) Avaliación inicial: o profesorado titor/a é informado polo DO das necesidades do alumnado do seu grupo e as primeiras medidas para atendelas. Esta información organízase para transmitila na avaliación inicial ao resto de profesorado, dun xeito máis específico que para as programacións. Na avaliación inicial o



profesorado, que tamén realiza o seu propio proceso de avaliación inicial co alumnado do seu grupo, informa das necesidades que presenta o alumnado e propón as medidas que considera pertinentes.

c) Ao longo do curso: nas diferentes sesións de avaliación, cando se observan necesidades de alumnado e non se ten a suficiente información para atendelas ou se precisa de máis información, procédese a realizar a avaliación psicopedagóxica segundo a *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica*. Nesta circunstancia o procedemento é o seguinte:

- Entrevista coa familia para explicar e solicitar a autorización (Anexo VI, Modelo 1).
- Primeira entrevista coa familia e o/a alumno/a para recoller o relato da súa historia persoal a aplicar as probas proxectivas HTP (Test proxectivo casa – árbore – persoa de John Buck).
- Segunda entrevista, e terceira co alumno/a, para aplicar o resto de probas (Test de Intelixencia ou Probas de lectoescritura).
- Informe psicopedagóxico e devolución á familia e ao alumno/a dos resultados e as propostas de actuación e autorización, se procede.
- Información ao titor/a e ao resto de profesorado e organización e coordinación das medidas, se procede.
- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade.

d) Ao longo do curso: realízase intervención e o seguimento titorial do rendemento do alumnado que presenta algunha das necesidades, como as comentadas no punto 3.1, e que poden estar afectando ao seu rendemento académico. Esta intervención faise en colaboración co profesorado-titor/a, a familia e o alumno/a (Anexo VI, Modelo 2).

### 3.4. Recollida e tratamento da información

A Comunidade Educativa debe ter en conta o establecido no Protocolo de protección de datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos enlaces seguintes:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>, <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/18676>

O protocolo recompila e aclara as cuestións normativas máis relevantes ao respecto para facilitar unhas pautas concretas e claras no tratamento de datos persoais, que outorgue maior seguridade xurídica a todos os axentes implicados e que permita garantir e facilitar o cumprimento das previsións da *Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal*.

Para ter información e coñecer o alumnado, en xeral, e o alumnado que presenta necesidades educativas, en particular, utilízanse varias fontes de información:

TEMPORALIZACIÓN	FONTES DE INFORMACIÓN	LOCALIZACIÓN
Xuño	-Información do centro adscrito e outros centros (Anexo IV. Táboa de información do alumnado do centro adscrito. Anexo IX, Modelo 3, informe do centro adscrito)	XE / DO
Xullo / setembro	-Informes titoriais de avaliación final do alumnado (Anexo IX, Modelo 4)	XADE / Secretaría

Setembro	-Expedientes e informes psicopedagóxicos	XADE / Secretaría / DO
Xuño / setembro	-Actas finais e actas de propostas das xuntas de avaliación (Anexo V. Táboa de información final)	XE / DO
Setembro	-Información xeral sobre NEAE e medidas para as programacións dos departamentos (Anexo VI: Táboa)	Dirección / XE / DO / Dtos. didácticos
Outubro Avaliacións iniciais	-Información sobre o alumnado de cada grupo que se proporciona nas avaliacións iniciais de ESO e Bacharelato ao profesorado (Anexo V: Táboa de avaliación inicial)	Titores/as / XE / DO / Dtos. didácticos
Ao longo do curso	-Listaxe do alumnado e profesorado das diferentes medidas de atención á diversidade	Listaxe xunto ao libro de gardas / titores / XE / DO
Ao longo do curso	-Información achegada pola familia, pola inspección, polos equipos de orientación específicos (EOE), polos servizos sociais, polos diferentes servizos de saúde, polas asociacións...	DO / Secretaría
Ao longo do curso	-Información obtida do traballo realizado dende a acción tutorial en relación ás MAD e proporcionado nas xuntas de avaliación	Titores / DO
Ao longo do curso	-Información achegada polo profesorado de apoio e AL (Anexo IX, Modelo 5. Informe trimestral e final)	Titores / DO
Ao longo do curso	-Información obtida pola realización da avaliación psicopedagóxica previa solicitude das familias ou da xunta de avaliación	Titores / DO

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. Obxectivos xerais

En relación ás conclusións do Consello da Unión Europea do 12 de maio de 2009 á *Lei Orgánica 2/2006*, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola *Lei Orgánica 8/2013*, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e ao *Decreto 229/2011*, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE, propóñense os seguintes obxectivos xerais:

- a) Facer realidade a aprendizaxe permanente e a mobilidade dos educandos.
- b) Mellorar a calidade e a eficacia da educación e da formación.
- c) Promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa.

- d) Incrementar a creatividade e a innovación.
- e) Conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible facilitando unha educación adaptada ás súas singularidades.
- f) Ofrecer unha resposta educativa no marco dos principios de normalización e inclusión, considerando a diversidade como elemento enriquecedor.

#### **4.2. Obxectivos específicos do noso centro segundo as necesidades detectadas**

- a) Considerar o PXAD como o documento útil e eficaz onde se marcan as liñas e os criterios de actuación para atender á diversidade no centro.
- b) Asumir como centro, e dende a educación para a saúde, que a atención á diversidade comprende o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- c) Fomentar a participación do alumnado e das familias nos programas, proxectos e actividades do centro, así como na utilización axeitada das novas tecnoloxías.
- d) Ter en conta a atención á diversidade nas diferentes decisións pedagóxicas do centro.
- e) Valorar as funcións da xunta de avaliación e da acción tutorial como elementos fundamentais de responsabilidade na atención á diversidade.
- f) Fomentar a información, colaboración e coordinación interna e externa de xeito eficaz e flexible con modelos e protocolos de referencia que fomenten as boas prácticas, a formación e a innovación.
- g) Dar a coñecer o plan xeral de atención á diversidade a toda a comunidade educativa para favorecer a súa eficacia e utilidade.
- h) Proporcionar e facilitar ás xefaturas dos departamentos didácticos a información necesaria para incorporar nas programacións e para coordinar entre o profesorado de propio departamento as diferentes MAD co alumnado que o precisa.

### **5. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

#### **5.1. Medidas establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade**

As medidas que aparecen na seguinte táboa recóllense no *Decreto 229/2011*, no *Decreto 86/2015* e na *Resolución do 15 de xullo de 2016*, pero aínda falta o seu desenvolvemento normativo e incluso a súa actualización coas modificacións da LOMCE (\*PMAR en lugar de PDC). Isto xera confusión na Comunidade Educativa e así se fai constar neste plan.

<b>Medidas ordinarias</b>	<b>Medias extraordinarias</b>
-Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	-Avaliación psicopedagóxica.
-Adecuación das programacións ao contorno do alumnado.	-Adaptacións curriculares.
-Metodoloxías: traballo colaborativo en grupos	-Agrupamentos flexibles.
	-Apoio do profesorado de PT e AL.

<p>heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.</p> <p>-Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</p> <p>-Aulas de atención educativa e convivencia e medidas destinadas á mellora da convivencia.</p> <p>-Desdobramento de grupos.</p> <p>-Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <p>-Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.</p> <p>-Exención da 2ª lingua estranxeira.</p> <p>-Programas de recuperación.</p> <p>-Programas específicos personalizados.</p> <p>-Programas de habilidades sociais.</p>	<p>-Flexibilización da duración do período de escolarización.</p> <p>-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades de asistencia continuada ao centro.</p> <p>-Grupo de adquisición das linguas.</p> <p>-Grupos de adaptación da competencia curricular.</p> <p>-*Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, PMAR, en 2º e 3º da ESO.</p> <p>-Integración de materias en ámbitos de coñecemento no primeiro curso de educación secundaria obrigatoria.</p>
--	--

## 5.2. Actuacións, medidas e programas no IES do Milladoiro

A posta en marcha de actuacións, medidas e programas para atender as necesidades educativas do alumnado requiren que, ademais de ter en conta o lexislado, se teñan en conta outras liñas de actuación como son as propostas da administración, as propostas doutras institucións e a súa contextualización no propio centro.

En canto ás propostas e pautas doutras institucións debemos sinalar que:

a) Da administración educativa hai protocolos e publicacións que ofrecen pautas de actuación respecto ás medidas de atención á diversidade nos seguintes enlaces: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>, <http://www.edu.xunta.gal/portal/es/diversidadeorientacion>

b) En colaboración con outras institucións existe coordinación:

-Coa administración. Co servizo de Inspección Educativa e co Equipo de Orientación Específico (EOE) da Consellería.

-Co Concello de Ames. Coa Unidade de Traballo Social do Milladoiro (UTS, servizos sociais), coa OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil), co CIM (Centro de información á muller) e co Centro de Saúde de Milladoiro.

-Con outros servizos da administración. Co servizo de saúde mental do Sergas e coa UMAD do Concello de Santiago de Compostela.

-Coas diferentes Asociacións e ONG. Asociación Galega de Asperger (Asperga), *Asociación compostelana de niños y niñas con TDAH* (ACNH), Secretariado Xitano, Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes3) e ASAC (Asociación de Altas Capacidades de Galicia).

Na seguinte táboa recóllense as diferentes medidas e programas que, en xeral, se establecen para atender as necesidades do noso alumnado, tendo en conta as propostas da Administración, en coordinación con outras entidades. As medidas e programas aparecen indicados do seguinte xeito:

A: Axenda escolar

- B: Seguimento titorial do rendemento  
 C: Reforzo Educativo  
 D: Exención da 2ª Lingua Estranxeira / Programa de lectoescritura  
 E: Apoio do profesorado de PT fóra/dentro da aula  
 F: ACS  
 G: Grupos de adquisición de linguas  
 H: Grupos de competencia curricular  
 I: Agrupamentos flexibles  
 J: Integración da materias en ámbitos  
 K: PMAR  
 L: Programa de HHSS  
 M: PROA  
 N: Clases do Concello  
 Ñ: Programa Promociona, Secretariado Xitano  
 O: Desenvolvemento das competencias clave  
 P: Atención educativa domiciliaria  
 Q: Atención educativa hospitalaria

Necesidades do alumnado	Medidas no IES	Protocolos da Consellería E.O.U. e outras	Coordinación outras institucións
<b>Educativas especiais</b>			
Discapacidade intelectual	B, D, E, F, I, J, K, M	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual”: <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644</a>	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos-Programa
Discapacidade motórica			
Discapacidade sensorial			
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger	B	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento”: <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</a> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</a>	ASPERGA A Coruña <a href="http://www.asperga.org/">http://www.asperga.org/</a>
Trastornos graves de conduta	A, B, L	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia">http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a>	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos-Programa

<b>Específicas de apoio educativo</b>			
Altas capacidades	A, B, C, I	<p>"Sobredotación intelectual": <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700</a></p> <p>"Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual": <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144</a></p>	<p>-Coordinación con ASAC</p> <p>-Pautas do EOE da Coruña</p>
TDAH	A, B, C, E, I, K, N	<p>Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546">http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</a></p>	<p>-Orientacións da <i>Asociación compostelana de niños/as con TDAH</i>: <a href="http://www.acnhsantiago.org/">http://www.acnhsantiago.org/</a></p>
Dislexia	A, B, C, D, E, I	<p>"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe": <a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656">https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656</a></p>	<p>-Orientacións da Asociación de Dislexia: <a href="http://www.agadix.es/">http://www.agadix.es/</a></p> <p>-Orientacións EOE da Coruña</p> <p>-ANEXO XI, proposta do DO</p>
Incorporación tardía	D, E, F, G, H, I, J, K, M, O	<p>Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro): <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</a></p>	<p>-UTS do Milladoiro</p> <p>-OMIX do Concello</p>
Necesidades específicas de aprendizaxe	A, B, C, D, E, F, I, J, K, M, N, O	<p>"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe": <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</a></p>	<p>-UTS do Milladoiro</p> <p>-OMIX do Concello: clases de reforzo</p> <p>-Contratos-Programa e Convenio con Igaxes3: Programa "Anaquiños Matemáticos"</p>
<b>Desvantaxe socio-educativa</b>			
Ambientes desfavorecidos - marxinais	A, B, C, D, I, J, L, N, O	<p>Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410</a></p> <p>Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3: <a href="http://www.igaxes.org/?lang=es">http://www.igaxes.org/?lang=es</a></p>	<p>-UTS do Milladoiro</p> <p>-OMIX do Concello: clases de reforzo</p> <p>-Convenio con Igaxes3</p> <p>-Contratos-Programa</p>
Etnia xitana	B, D, E, I, Ñ, O	<p>Programas e plans: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791</a></p>	<p>-Convenio de colaboración entre o IES do Milladoiro e o Secretar. Xitano (Programa Promociona): <a href="https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/">https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/</a></p>

<b>Atención educativa por enfermidade</b>			
Atención educativa domiciliaria	B, P	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722</a>	
Atención educativa hospitalaria	B, Q	Protocolo de atención educativa domiciliaria: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a>	

## **6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

### **6.1. Criterios xerais segundo a normativa**

#### a) Criterios legais

Os recollidos na normativa mencionada no punto 2.1 e nos protocolos que aparecen no punto 11 deste plan. O criterio legal é o primeiro criterio que hai que ter en conta, aínda que na práctica, moitas veces, hai que desenvolver máis polo miúdo e contextualizar dito criterio para axustarse ás necesidades específicas do alumnado e ás organizativas do centro, tal como o se recolle no apartado 6.2.

#### b) Criterios xerais

No artigo 4 do capítulo I do *Decreto 229/2011* sinálanse os seguintes principios xerais de actuación para a atención á diversidade, que debemos ter en conta:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción de convivencia.
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- Atención a todo o alumnado.
- Accións preventivas e de detección temperá.
- Priorizar medidas de carácter ordinario e normalizador.
- Enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación.
- Información e asesoramento ás familias.

### **6.2. Criterios do IES do Milladoiro**

Tendo en conta o lexislado para cada medida ou programa, e dentro da autonomía docente que teñen os centros, no IES do Milladoiro propóñense os seguintes criterios para adoptar as diferentes MAD:

<b>Medida</b>	<b>Criterios do IES do Milladoiro</b>
Constitución de grupos-clase	Heteroxeneidade dentro de cada grupo-clase atendendo a: xénero, medidas de atención á diversidade, propostas da xunta de avaliación e titores/as, habilidades sociais (TEI), optativas...
Axenda Escolar (PAT)	Alumnado de 1ºESO e doutros cursos que o precise por presentar TDAH ou algunha outra NEAE, petición do propio alumno ou familia, petición do titor/a ou profesorado.
Seguimento titorial do rendemento	Alumnado que o precise polo seu baixo rendemento.
Desdobramentos de grupos	Criterio do Departamento con información do DO.
Reforzo educativo por parte do profesorado na súa materia	Será realizado polo profesor ou profesora que imparte a materia e que considere que o alumno/a pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos non prescritivos do currículo.
Exención 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO / Programa de lectoescritura	Proposta do profesorado-titor de 6º E. P. e 1º da ESO en función das necesidades presentadas nas linguas. Desfase curricular nas linguas, materias de linguas pendentes, NEAE asociadas a dislexia e problemas de lectoescritura.
Apoios do profesorado PT dentro ou fóra	Alumnado con NEAE, con ou sen desfase curricular, en colaboración co profesorado da materia e valorando conxuntamente a pertinencia de que sexa dentro ou fóra da aula.
Adaptacións Curriculares Significativas (ACS)	Alumnado que só pode seguir o proceso de ensino-aprendizaxe coa modificación de elementos prescritivos do currículo. Debe presentar un desfase curricular de, polo menos, 2 cursos por debaixo do nivel no que está escolarizado/a.
Grupos de adquisición de linguas	Alumnado procedente do estranxeiro con descoñecemento das linguas.
Grupos de competencia curricular	Alumnado procedente do estranxeiro con desfase curricular.
Reforzos fóra do horario lectivo	<p>Clases do Concello: alumnado de 1º e 2º da ESO con dificultades socio-familiares para facer seguimento na casa.</p> <p>Secretariado Xitano. Clases de reforzo e seguimento: alumnado que non presente absentismo escolar e con aproveitamento no IES.</p> <p>Competencias clave, desenvolvemento da competencia matemática: alumnado con desmotivación fronte ás matemáticas.</p> <p>PROA: Alumnado da ESO con desfase curricular.</p>
Desenvolv. das competencias clave	Alumnado que cumpra o perfil requirido para o programa.



<p>Programas de HHSS (Plan de Convivencia e de Orientación)</p>	<p>Perfil do alumnado proposto: con condutas disruptivas reiteradas e con moitas posibilidades de modificar a súa conduta.</p> <p>Perfil das familias propostas: familias cos seus fillos/as propostos para o programa e familias que, aínda que os seus fillos no estean propostos para o programa, presenten necesidade de participar no programa.</p>
<p>Avaliación psicopedagóxica</p>	<p>Alumnado que o precise, tras solicitude da familia, do equipo docente ou doutras institucións.</p>
<p>Desdobramentos de grupos nas materias nas de o alumnado de PMAR se xunta co grupo de referencia</p>	<p>Criterio do Departamento, segundo posibilidades e con información do DO e XE, tendo en conta a integración do alumnado de PMAR co alumnado do seu grupo de referencia.</p>



Agrupamentos flexibles (máximo 10 alumnos/as) No XADE constará como RE especificando a medida en observacións	<b>Orde de prioridade para a incorporación ao agrupamento de 1º da ESO</b>				
	<b>1ª quenda Xullo</b>	<b>2ª quenda Xullo</b>	<b>3ª quenda (excepcional) Av. setembro</b>	<b>4ª quenda Av. inicial / ao longo do curso</b>	<b>5ª quenda Av. inicial / ao longo do curso</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor.</li> <li>-Con dislexia, incorporación tardía ou necesidades específicas de aprendizaxe.</li> <li>-Informe titorial de primaria, se procede.</li> <li>-Que recibira MAD previas con aproveitamento ou materias do Ags sen superar en 6º.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor.</li> <li>-Que presente TDAH ou Altas Capacidades.</li> <li>-Con informe titorial de primaria, se procede.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado que vai repetir 1º.</li> <li>-Que recibira MAD previas con aproveitamento.</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso.</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente ou dos resultados das probas de nivel.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado repetidor.</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>
<b>Orde de prioridade para a incorporación ao agrupamento de 2º da ESO</b>					
<b>1ª quenda Xullo - setembro</b>	<b>2ª quenda Av. setembro</b>	<b>3ª quenda (excepcional) Av. setembro</b>	<b>4ª quenda Av. inicial / ao longo do curso</b>	<b>5ª quenda Av. inicial / ao longo do curso</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor.</li> <li>-Con dislexia, incorporación tardía ou necesidades específicas de aprendizaxe.</li> <li>-Informe titorial no que se indique o grao de aproveitamento das MAD o curso anterior.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor.</li> <li>-Con materias do Ags de 1º pendentes.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado que vai repetir 2º.</li> <li>-Que recibira MAD previas con aproveitamento.</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado non repetidor ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso.</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente ou dos resultados das probas de nivel.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado repetidor</li> <li>-Que presente NEAE.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	
<b>Proposta de cambios do alumnado polo profesorado entre unha avaliación a outra</b>					
a) Para saír do agrupamento:					
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Que o alumno/a non traballe ou moleste e non estea aproveitando a medida.</li> <li>-Que o alumno/a mellore e se vexa a posibilidade de que no grupo ordinario poderá continuar sen dificultades.</li> </ul>					
b) Para entrar no agrupamento:					
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Que o profesor/a do grupo ordinario valore que presenta NEAE e precisa o agrupamento.</li> </ul>					
Último prazo para cambios: nas xuntas da 1ª avaliación, salvo excepcionalidades, que poderían entrar ata a metade do 2º trimestre.					



Incorporación ao PMAR

**Alumnado para incorporarse ao 2º da ESO PMAR**

<b>1ª quenda Av. setembro</b>	<b>2ª quenda Av. setembro</b>	<b>3ª quenda Av. setembro</b>	<b>4ª quenda (excepcional) Av. setembro / ao longo do curso</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de 1º da ESO, con repetición previa en primaria ou en 1º ESO, en condicións de promocionar a 2º (1, 2 materias sen superar).</li> <li>-Con NEE e NEAE.</li> <li>-Informe titorial no que se indique o grao de aproveitamento das MAD o curso anterior.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de 1º da ESO, con repetición previa en primaria ou en 1º ESO (cun máximo de 3 materias sen superar).</li> <li>-Con necesidades por desvantaxe socio-educativa.</li> <li>-Informe titorial no que se indique o grao de aproveitamento das MAD o curso anterior.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado que vai repetir 2º, con repetición previa (máximo 3 materias pendentes de 1º).</li> <li>-Informe titorial no que se indique o grao de aproveitamento das MAD o curso anterior.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado con repetición previa ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso.</li> <li>-Que presente NEE, NEAE, NDSE.</li> <li>-Para facilitar o acceso á FPB.</li> <li>-Proposta do equipo docente ou dos resultados das probas de nivel.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>

**Alumnado para incorporarse ao 3º da ESO PMAR**

<b>1ª quenda Av. setembro</b>	<b>2ª quenda Av. setembro</b>	<b>3ª quenda Av. setembro</b>	<b>4ª quenda (excepcional) Av. setembro / ao longo do curso</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de 2º da ESO PMAR con aproveitamento e que cumpre criterios de promoción a 3ºPMAR.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado de 2º da ESO, con repetición previa pero non cumpre requisitos de promoción a 3º, vai repetir 2º (máximo de 3 materias pendentes).</li> <li>-Con NEE, NEAE.</li> <li>-Informe titorial no que se indique o grao de aproveitamento das MAD o curso anterior.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado que vai repetir 3º, con repetición previa.</li> <li>-Proposta do equipo docente.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Alumnado con repetición previa ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso.</li> <li>-Que presente NEE, NEAE, NDSE.</li> <li>-Para facilitar o acceso á FPB.</li> <li>-Proposta do equipo docente ou dos resultados das probas de nivel.</li> <li>-Sen problemas graves de conduta e absentismo.</li> </ul>

Integración de materias en ámbitos, 1º ESO (máximo 10 alumnos/as) No Xade constará RE especificando a medida en observacións	<b>Alumnado de 6º de E. P. e 1º da ESO para incorporarse</b>		
	<b>1ª quenda Xullo</b>	<b>2ª quenda Aval. extraord. setembro</b>	<b>3ª quenda Avaliación inicial / ao longo de todo o curso</b>
	-Alumnado non repetidor. -Con NEE, NEAE. -Informe titorial de primaria, se procede. -Que recibira MAD previas con aproveitamento ou materias dos ámbitos sen superar en 6º por desfase curricular. -Sen problemas graves de conduta e absentismo.	-Alumnado que vai repetir 1º ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso. -Que recibira MAD previas con aproveitamento e que presente NEAE e desfase curricular. -Proposta do equipo docente. -Sen problemas graves de conduta e absentismo.	-Alumnado repetidor de 1º novo ou de incorporación tardía que se matricula xa iniciado o curso. -Que presente NEAE. -Proposta do equipo docente ou dos resultados das probas de nivel. -Sen problemas graves de conduta e absentismo.

## **7. MEDIDAS ESPECÍFICAS E PAUTAS DE ACTUACIÓN CON ALUMNADO DIAGNOSTICADO CON TDAH**

### **7.1. Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario**

Segundo se explica no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, "a presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario."

Para contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a Consellería ten publicado un protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia, nos ámbitos educativo e sanitario, no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

Neste punto destácanse os anexos do punto 8 de Orientacións xerais para a Prevención e a intervención psicoeducativa deste protocolo. Especialmente o 8.1.1 (Prevención e intervención na organización do centro educativo) e o 8.1.2. (Prevención e intervención dentro da aula), xa que son o referente do noso centro para as programacións dos departamentos didácticos no apartado de medidas de atención á diversidade e o punto de partida para a intervención contextualizada no noso centro, que se detalla no seguinte punto.

### **7.2. Criterio do IES do Milladoiro e outras medidas co alumnado diagnosticado con TDAH**

A mirada que se fai hoxe respecto ao Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) parece centrarse nunha concepción de orixe neurolóxico e de tratamentos farmacolóxicos, pechando as portas a outros interrogantes.

Dende o IES do Milladoiro dáse un lugar a esta mirada social, educativa e médica que se fai hoxe, pero complementándoa co acompañamento da construción saudable a todo o noso alumnado (ver PAT), cuxo obxectivo é o de desenvolvemento como persoas autónomas, con capacidade reflexiva e crítica e cun proxecto profesional que lles facilite a súa inserción social.

Na seguinte táboa aparecen as actuacións do protocolo que coinciden coas actuacións organizadas dende o centro en función das necesidades do alumnado, en xeral, e das do alumnado cun diagnóstico de TDAH, en particular:

Necesidades	Actuación
Na organización do centro	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informar o profesorado do alumnado con este diagnóstico, das características e dos recursos, na táboa que o equipo directivo envía aos departamentos didácticos (Anexo VI) para a súa consideración nas programacións, e cadro de avaliación inicial (Anexo V).</li> <li>-Ter en conta, na constitución de grupos-clase, un reparto equilibrado de alumnado con NEAE, e neste caso con TDAH.</li> <li>-Traballo titorial e de orientación respecto a coordinar as actuacións do profesorado: seguimento, información, axenda e outras, se procede.</li> <li>-Traballo titorial e de orientación, informando o resto do equipo docente do traballo respecto ás seguintes necesidades que, en xeral, pode presentar este alumnado: pouca tolerancia á frustración, pouca capacidade de espera, dificultade coa idea de proceso e de aceptación de normas, a dificultade co esforzo e o interese por aprender e a pouca capacidade de autonomía e polo tanto unha baixa autoestima.</li> <li>-Coordinación e colaboración coa familia e os servizos sociais, sanitarios o coa asociación para traballar sobre os aspectos mencionados no apartado anterior.</li> </ul>
Na organización da aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coidar o grupo, o lugar e o rol de cada alumno/a co traballo da acción titorial a través do PAT e nas diferentes materias.</li> <li>-Potenciar a aprendizaxe cooperativa na aula.</li> <li>-Utilización da axenda, se o alumno/a non está en primeiro, se procede.</li> <li>-Pactar o tempo e o xeito de realizar os exames, se procede.</li> <li>-Ofertar MAD segundo as necesidades específicas que presente o alumno/a, se procede.</li> </ul>
Axudas para intervención externa, se procede	<p>Reunión coas familias para informar sobre a tramitación de axudas do MECD:  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/86?page=2">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/86?page=2</a></p>

## **8. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO**

En xeral as actuacións, funcións e tarefas dos diferentes profesionais e para as distintas medidas de atención á diversidade veñen lexisladas nas diferentes disposicións. Aínda así é importante lembrar o papel que xoga cada quen na súa posta en funcionamento.

Profesional	Actuacións, función, tarefas
Profesorado	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoller e ter en conta a información dada pola xefatura do seu departamento didáctico, polo profesorado-titor, o DO e a XE, nas xuntas de avaliación e ao longo do curso, sobre as necesidades e MAD do alumnado, tendo en conta a Lei de protección de datos.</li> <li>-Poñer en marcha a(s) medida(s), avaliala, consigna-la en Xade, informar o titor/a e a familia cando proceda.</li> <li>-Propoñer e consensuar co equipo docente as medidas ou propostas que se consideren necesarias para atender as necesidades do alumnado.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.</li> <li>-Colaborar co profesorado tutor/a na elaboración dos informes de avaliación iniciais e finais de curso, cando proceda, e cos criterios que se determinen.</li> <li>-Custodiar o material necesario para as MAD e proporcionado polo DO.</li> </ul>
Profesorado-tutor/a	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informar o equipo docente e a familia e facer seguimento, cando proceda.</li> <li>-Elaborar o informe de avaliación inicial e final de Xade segundo os criterios que se decidan.</li> <li>-Colaborar co DO na recompilación da información do alumnado ao principio de curso.</li> </ul>
Profesorado PT / AL	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Facer o informe trimestral do alumnado con MAD á familia, ao tutor/a e á xefatura do departamento, en coordinación co profesorado, cando proceda.</li> <li>-Poñer en marcha a(s) medida(s), avaliala, consignala en Xade, informar o tutor/a e a familia cando proceda.</li> <li>-Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.</li> <li>-Asinar e cubrir os informes que a lexislación e a administración demanden.</li> </ul>
Xefaturas de departamento didáctico	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Ter en conta e transmitir ao resto do departamento a información xeral sobre as MAD e NEAE do centro, enviada ao principio de curso por Dirección.</li> <li>-Reflectir a(s) medida(s) na memoria e nas programacións e facer seguimento e propostas.</li> <li>-Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.</li> <li>-Colaborar coa Xefatura de Estudos e Orientación na elaboración e corrección das probas de nivel para determinar o nivel de competencia curricular do alumnado novo procedente do estranxeiro.</li> </ul>
Xefatura do departamento de Orientación	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.</li> <li>-Proporcionarlle á Dirección a información relativa ao alumnado con necesidades e as MAD para trasladalas ás xefaturas dos departamentos didácticos, de xeito que poidan terlas en conta nas programacións.</li> <li>-Informar das medidas, solicitar o consentimento da familia se procede, coordinar e asesorar na súa posta en práctica, e realizar o seu seguimento e avaliación cando proceda.</li> <li>-Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e os informes necesarios.</li> <li>-Rexistro de material necesario para as MAD e a súa localización.</li> </ul>
Xefatura de Estudos	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Informar o profesorado e velar para que no Xade se reflecta a información relativa ás MAD.</li> <li>-Solicitar e velar para que o profesorado cumpra as súas funcións respecto ás MAD.</li> </ul>

	-Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.
Vicedirección	-Coordinar a transmisión de información e de material do alumnado que estea en situación de atención hospitalaria e domiciliaria.  -Xestionar as solicitudes, coordinar as actuacións e realizar o seguimento das clases do Concello, do PROA e dos programas de desenvolvemento de competencias clave.
Director/a	-Enviar a información xeral sobre as MAD e NEAE do alumnado, ao principio de curso, ás xefaturas dos departamentos didácticos para as programacións.  -Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD, así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD.  -Autorizar e informar á Inspección sobre as MAD, cando proceda.  -Solicitar MAD á Inspección, cando proceda.
Inspección	Autorizar as MAD, cando proceda.  Solicitar MAD á Xefatura, cando proceda.
Xefatura Territorial	Autorizar MAD, cando proceda.

## 9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

### 9.1. Mecanismos de colaboración internos

Colaboración entre:	Recursos, mecanismos:	Temporalización
Departamentos, Dirección e Departamento de Orientación	Táboa de alumnado con NEAE e MAD.	Setembro
Titores/as, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos	Cadro, por grupos, de NEAE e MAD.	Inicio de curso
Titores/as e equipos docentes	Cadro, por grupos, de NEAE e MAD.  Aplicación para proporcionar información ao profesorado titor/a.	Avaliación inicial. Avaliacións. Ao longo do curso.
Profesorado e Xefatura de Estudos	Correo electrónico e Normas e procedementos do IES: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/</a>	Ao longo do curso.

### 9.2. Mecanismos de colaboración co centro adscrito

Medidas / actuacións	Mecanismos	Temporalización
Reunión de organización das diferentes actuacións ao longo do curso.	Reunión no IES ou no CEP de Ventín.	1º trimestre
Reunión de información ás familias antes do proceso de admisión.	Charla no IES.	Febreiro

Sesión de orientación: cambio de etapa.	Charla no CEP de Ventín.	Maio
Xornada de acollida do alumnado de 6º no IES.	Visita ao IES e recepción polo alumnado de 2º ESO.	Xuño
Reunión de recollida de información do alumnado.	Reunión, táboa e informes do alumnado de 6º no CEP de Ventín.	Xuño

### 9.3. Mecanismos de colaboración con outros centros

En relación á coordinación e colaboración con outros centros faise a solicitude de informes pertinente e as chamadas de teléfono e visitas segundo o caso e cando proceda.

## 10. CANLES DE COLABORACIÓN

### 10.1. Canles de colaboración coas familias

Motivo	Canle	Profesionais	Temporalización
Información xeral.	Páxina web do Centro. Comunicacións ás ANPA. Correos electrónicos. Cartas informativas.	Equipo directivo.	Ao longo do curso.
Información MAD departamentos.	Web do centro, coas diferentes programacións didácticas.	Profesorado responsable.	Outubro.
Acollida.	Reunións coas familias do alumnado novo, antes do comezo do curso.	Equipo directivo e Orientación.	Febreiro e setembro
Reunión axudas NEAE.	Reunión informativa.	Orientación.	Setembro.
Reunión PMAR.	Reunión informativa.	Xefatura de Estudos e Orientación.	Setembro.
Cofecemento dos titores/as.	Reunión informativa e de presentación.	Equipo directivo, profesorado-titor/a e Orientación	Outubro.
Reunións coas ANPA.		Director/a	
Información e autorización das MAD.	Entrevistas persoais coas familias.	Profesorado-titor, profesorado, orientador/a.	Ao longo do curso.
Información e seguimento das MAD.	Informes	Profesorado PT, profesorado-titor e orientador/a.	Ao longo do curso.
Información e doc. da FPB.	Reunión informativa e de entrega de documentación.	Equipo directivo e Orientación.	Setembro.



Información da acción tutorial e orientación académica.	Web: apartado "Titorías e familias".	Equipo directivo e Orientación.	Ao longo do curso.
Seguimento e coordinación coas familias.	Entrevistas, chamadas telefónicas ou correos electrónicos.	Profesorado-titor, orientadora, profesorado das materias, director/a ou xefe/a de estudos.	Ao longo do curso.

## 10.2. Canles de colaboración con servizos externos ao centro

Tal e como se menciona no punto 2.3.d, a *Rede do IES do Milladoiro* facilita a relación e coordinación con moitos dos servizos externos ao centro. O centro ten nestes momentos acordos de colaboración co Concello, Igaxes3 e Secretariado Xitano.

Coa UTS do Milladoiro (Unidade de Traballo Social), a través da Concellería de Servizos Sociais, existe unha coordinación e intercambio de información do alumnado que así o precisa, polo que se está a desenvolver un protocolo de intercambio de información e colaboración.

Con todas as institucións as canles de colaboración e coordinación utilizadas son as de reunións no IES segundo a necesidade, contacto telefónico, contacto por correo electrónico e intercambio de documentación e informes.

Co EOE utilizamos o protocolo establecido por eles, de solicitude de atención establecido e que aparece no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/4456>

## 11. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS

### 11.1. Protocolo para solicitude e autorización de medidas ordinarias

O protocolo de actuación que se propón para realizar certas medidas ordinarias, neste centro, e segundo a lexislación vixente é:

MEDIDA ORDINARIA	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN
<p><b>Reforzo educativo</b></p> <p><i>(ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Non necesita de autorización para ser levado a cabo.</li> <li>Será elaborado polo profesor/a que imparte materia na que o alumno/a necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor/a. Este comunicarllo ao equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.</li> <li>O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor/a do alumno/a que imparte a materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor/a.</li> <li>As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno/a como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.</li> <li>O profesor/a informará o titor/a da medida e dos resultados ao finalizar o</li> </ol>

	curso (Anexo IX, modelo 6).
<p><b>Exención da 2ª Lingua Estranxeira</b></p> <p><i>(RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, de que o alumnado que quede exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades (Anexo IX, modelo 4).</li> <li>Autorización asinada das nais, dos pais ou dos/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida (Anexo IX, modelo 7).</li> <li>A potestade de autorización tena a Dirección do centro, que elabora o escrito de autorización de todo o alumnado con esta medida (Anexo IX, modelo 8).</li> <li>O/A administrativo/a do centro rexistrará no Xade esta circunstancia do alumnado.</li> <li>Nos documentos de avaliación figurará o alumno/a coa mención de exento/a.</li> </ol>
<p><b>Programa de HHSS</b></p> <p><i>(DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Revisión por parte de xefatura de estudos, no mes de marzo, dos partes de conduta para detectar o alumnado con condutas disruptivas reiteradas dende o comezo do curso.</li> <li>Con esta listaxe de alumnado, aplicación do criterio de incorporación ao programa, entre a xefatura de estudos e orientación e consultados os titores/as.</li> <li>Coa listaxe definitiva de alumnado, realizarase unha reunión coas familias para explicar entregar a información do programa, e para asinar a autorización (Anexo IX, modelo 9).</li> <li>Dende as titorías invítarase a outras familias que se considere que o precisan.</li> </ol>
<p><b>Proposta de clases PROA, Concello, Secretariado Xitano</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Na reunión de coordinación de titorías, de preparación da 1ª avaliación, farase unha primeira proposta de alumnado segundo o seu perfil para as diferentes clases.</li> <li>Propóñenselles aos equipos docentes, nas xuntas da 1ª avaliación, estas listaxes.</li> <li>Os titores/as informan as familias e entregan documentación para asinar (Anexo IX, modelo 10).</li> <li>O seguimento de asistencia e recollida de autorizacións realízao Vicedirección.</li> <li>Co Secretariado Xitano, unha vez feita a proposta de alumnado na avaliación, realízase unha reunión: coa orientadora, a responsable do Programa Promociona e as familias.</li> </ol>

### 11.2. Protocolo de actuación para as medidas extraordinarias

Para solicitar, autorizar e realizar as diferentes medidas extraordinarias de atención á diversidade, mencionadas no punto 5 deste plan, en xeral e segundo a normativa vixente, o protocolo é o seguinte:

<b>MEDIDA EXTRAORDINARIA</b>	<b>PROTOCOLO DE ACTUACIÓN</b>
<p><b>Apoio dentro e fóra da aula do profesorado de PT</b></p> <p><i>(DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Informe do titor/a da etapa ou curso anterior, en colaboración co DO, para que o alumno/a reciba apoio na materia sinalada, tras solicitude do profesor/a da materia (Anexo IX, modelo 4).</li> <li>Información á familia da medida e autorización asinada pola familia (Anexo IX, modelo 11).</li> <li>Informe de seguimento e continuación ou non da medida.</li> <li>Coordinación do profesor/a de PT co profesor/a da materia.</li> </ol>
<p><b>Adaptación curricular significativa (ACS)</b></p> <p><i>(ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Decidirase a conveniencia de elaborar unha adaptación curricular para un alumno/a determinado/a, unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.</li> <li>A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario. Os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, achegados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna como polo orientador/a do centro, se existe, o equipo psicopedagóxico de apoio (actualmente EOE) ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao devandito alumno/a.</li> <li>As adaptacións curriculares precisarán a autorización da Inspección educativa correspondente.</li> <li>O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, ou do equipo psicopedagóxico de apoio de sector e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito/a alumno/a.</li> <li>O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnado de referencia.</li> <li>Os centros deberán realizar unha reunión coordinada pola xefatura de estudos, á que asistirán o titor/a, os profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.</li> <li>A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.</li> </ol>

	<p>8. A avaliación do alumno/a que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, sen prexuízo de que para efectos de promoción o referente sexa sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente.</p> <p>9. A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe aos pais ou responsables legais e no libro de escolaridade.</p> <p>10. As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborara a adaptación.</p>
<p><b>Agrupamentos flexibles</b></p> <p><i>(DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, e do profesor/a da materia obxecto do agrupamento do alumnado que se propón para o agrupamento (Anexo IX, modelo 4).</li> <li>Acordo do equipo docente desta medida. Autorización da familia (Anexo IX, modelo 12).</li> <li>O profesorado que imparta o agrupamento consignará en Xade esta medida como RE explicitando que é un agrupamento flexible en observacións.</li> <li>O profesorado da materia do grupo ordinario e do agrupamento flexible estarán en coordinación e colaboración permanente.</li> <li>Cando un alumno/a cambie de grupo ao agrupamento ou viceversa cubrirase un modelo de informe motivado do cambio, que asinarán o profesor/a que o propón e o departamento de orientación (Anexo IX, modelo 13).</li> </ol>
<p><b>Integración de materias en ámbitos de coñecemento para 1º da ESO</b></p> <p><i>(RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Proposta razoada do equipo docente e do titor/a.</li> <li>Informe titorial e de orientación (Anexo IX, modelo 4).</li> <li>Autorización asinada da familia (Anexo IX, modelo 14).</li> <li>Proposta da Dirección do centro, que á súa vez a elevará ao servizo provincial de Inspección educativa.</li> </ol>
<p><b>Incorporación aos Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento (PMAR)</b></p> <p><i>(RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016)</i></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento.</li> <li>Informe individualizado, elaborado pola persoa titora, que se trasladará á xefatura do Departamento de Orientación (Anexo IX, modelo 15).</li> <li>O Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.</li> <li>Constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou os titores/as legais respecto da proposta formulada, e autorización asinada (Anexo IX, modelo 16).</li> <li>Unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de</li> </ol>



	<p>ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (Anexo IX, modelo 17).</p> <p>6. O director/a do centro docente elevará a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa (Anexo IX, modelo 18).</p> <p>7. O servizo provincial da Inspección educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.</p>
<p><b>Atención educativa domiciliaria</b></p> <p><i>(Protocolo de atención educativa domiciliaria)</i></p> <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/porta/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/porta/Educonvives.gal</a></p>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado, á dirección do centro docente, acompañada do correspondente informe dos servizos médicos.</li><li>2. Elaboración dun informe polo profesorado titor, e no caso de alumnado con necesidade específica de apoio educativo xuntarase informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do Departamento de Orientación.</li><li>3. Traslado á Xefatura Territorial correspondente dos documentos por parte da Dirección do centro docente nun prazo máximo de cinco días lectivos desde a recepción da solicitude.</li><li>4. De xeito paralelo, darase traslado á inspección educativa correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á Xefatura Territorial por medios telemáticos.</li><li>5. A resolución sobre a solicitude de atención educativa domiciliaria corresponde á Xefatura Territorial, tras informe do servizo de Inspección educativa.</li><li>6. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.</li><li>7. O profesorado de atención domiciliaria coordinarase co profesorado titor/a do IES baixo a supervisión da Vicedirección.</li><li>8. O profesorado da atención educativa domiciliaria elaborará o programa individualizado que se vai desenvolver durante o período ou períodos de convalecencia a partir da programación do correspondente ciclo ou curso, facilitada polo profesorado titor da alumna ou do alumno.</li><li>9. O profesorado que realice a atención educativa domiciliaria informará o centro docente da alumna ou do alumno do desenvolvemento desta atención, de acordo co establecido na temporalización do programa individualizado. En calquera caso, elaborará, como mínimo, un informe mensual ou previo a cada avaliación.</li><li>10. Cando a devandita atención educativa domiciliaria remate, o profesorado que a realizou entregarálle ao centro docente un informe final.</li><li>11. O alumnado autorizado para recibir atención educativa domiciliaria considerárase escolarizado a todos os efectos, polo que as ausencias ao seu</li></ol>



	<p>centro docente durante ese período de tempo entenderanse todas xustificadas.</p> <p>12. A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro no que está matriculado.</p> <p>13. A información, o seguimento, a coordinación coa familia e o profesor do alumno/a, e a petición e entrega de material e de probas realizaraa a Vicedirección en colaboración coa persoa titora do alumno/a.</p> <p>14. Algunhas aclaracións da inspección educativa (xaneiro de 2018):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A atención podería realizarse tanto por mestres de primaria como por profesorado de secundaria, aínda que este caso non é o máis frecuente.</li> <li>-É posible que o profesorado do centro estea presente no domicilio durante a realización das probas e para a súa custodia. Neste caso o desprazamento vai con cargo ao centro.</li> <li>-O horario de desprazamento será con cargo ás horas complementarias fixas semanais e, nalgún caso excepcional, con cargo ás horas lectivas, pero nese caso o alumnado que atende o profesora do centro que vai desprazarse ao domicilio deberá quedar atendido no propio centro.</li> <li>-É conveniente que previamente ao desprazamento ou ao inicio dun programa de visitas/desprazamentos conste documentada a actuación e mesmo haxa constancia expresa de que a dirección do centro emitiu a correspondente "orde de servizo" encomendándolle ao referido profesor/a ou persoal do centro a tarefa e o seu desprazamento, fixando un intervalo aproximado de saída e retorno.</li> <li>-Un posible accidente no desprazamento ao centro considerárase <i>in itinere</i>.</li> </ul>
<p><b>Atención educativa hospitalaria</b></p> <p><i>(Protocolo de atención educativa domiciliaria)</i></p> <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a></p>	<p>1. Cando a familia informa de que a situación do seu fillo/a é de longa ou media hospitalización (a partir de 15 días de hospitalización) asinará unha autorización, que a persoa titora lle entregará, para coordinarse co profesorado da aula hospitalaria (Anexo VI, modelo 16).</p> <p>2. A persoa titora contactará co profesorado da aula hospitalaria cando reciba da familia o consentimento asinado do hospital.</p> <p>3. A Vicedirección informará da situación a todo o profesorado deste alumno/a e será a persoa titora quen estableza o resto das coordinacións para entrega da programación e do material.</p> <p>4. As alumnas e os alumnos en réxime hospitalario manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. É por iso polo que o profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do hospital de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo.</p>
<p><b>Grupos de adquisición de linguas e de competencia curricular</b></p> <p><i>(ORDE do 20 de febreiro de</i></p>	<p>1. Para o novo alumnado: determinación das necesidades a través da avaliación inicial, mediante as probas de nivel facilitadas polos departamentos e elaboradas para esta avaliación.</p> <p>2. Para alumnado que leva pouco tempo escolarizado en España: informe da persoa titora coa proposta pertinente.</p>

<p><i>2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro)</i></p>	<p>3. Para o novo alumnado, débese decidir o nivel axeitado de escolarización tras a autorización da familia e da Inspección, se procede. Aplicarase o protocolo de incorporación recollido no Plan de Acollida.</p> <p>4. Para atender as necesidades que presente este alumnado, a Xefa/e do Departamento de Orientación, en colaboración coa persoa titora, o profesorado de PT, o profesorado do alumno/a e a xefatura de estudos formularán os grupos de adquisición de linguas e de competencia curricular ou de apoio necesarios.</p>
--	--

## 12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Tal e como o recolle o *Decreto 229/2011* de atención á diversidade, "o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro."

A valoración deste Plan realizarase analizando os seguintes indicadores:

- Resultados académicos do alumnado con MAD: táboas con porcentaxes de resultados do alumnado con MAD.
- Información do profesorado que realizou algunha MAD e informes do profesorado PT, analizando outros indicadores propostos nos informes trimestrais (v. anexo IV e anexo VI, modelo 5).
- Coordinación co profesorado respecto ás MAD: (MB=Moi bo / A=Axeitado/ M=Mellorable)

Actuación	Grao de cumprimento	Implicación dos profesionais
Información ás Xefaturas dos departamentos sobre as diferentes NEAE que presenta o alumnado do centro, en xeral, e as posibles medidas ou orientacións para atendela.		
Coordinación co profesorado e o/a PT sobre o traballado nos grupos de exención de segunda lingua estranxeira para alumnado de 1º e 2º da ESO.		
Coordinación dos Agrupamentos flexibles de 1º e 2º da ESO.		
Coordinación de Apoios do profesorado PT dentro e fóra da aula.		
Coordinación do grupo de adquisición de linguas.		
Avaliacións psicopedagóxicas.		
Coordinación de integración de materias en ámbitos.		
Coordinación do PMAR.		
Escolarización do alumnado estranxeiro.		
Apoio individual en THE.		
Coordinación co centro adscrito.		

- Actuacións dirixidas ao profesorado, respecto ás MAD: (MB=Moi bo / A=Axeitado/ M=Mellorable)

<b>Actuación</b>	<b>Grao de cumprimento</b>	<b>Implicación dos profesionais</b>
Informes previos do alumnado.		
Informes de avaliación inicial.		
Informes de avaliación.		
Informes de seguimento.		
Coordinación para as MAD.		
Colaboración cos servizos externos.		

e) Actuacións dirixidas aos pais/nais respecto ás MAD: (MB=Moi bo / A=Axeitado/ M=Mellorable)

<b>Actuación</b>	<b>Grao de cumprimento</b>	<b>Implicación dos profesionais</b>
Solicitude e información das MAD.		
Entrevistas de seguimento.		
Entrevistas de avaliación psicopedagóxica.		
Entrevistas de información de resultados e propostas MAD.		
Coordinación cos servizos externos.		

Cos resultados destas avaliacións, realízanse as valoracións pertinentes e a formulación de hipóteses para fundamentar as propostas para o curso seguinte (pódese consultar na memoria do plan de orientación doutros cursos).

O profesorado de PT, do departamento de orientación e dos agrupamentos e reforzos colaborará na realización desta avaliación do plan.



### 13. ANEXOS CON MODELOS DE INTERVENCIÓN OU TRAMITACIÓN DAS INTERVENCIÓNS

#### a. ANEXO I: Táboa de matrícula no curso 2016-17

ETAPA	GRUPOS
ESO	1º de ESO: 4 grupos, 107 alumnos/as 2º de ESO: 4 grupos + 1 grupo de PMAR, 88 alumnos/as 3º de ESO: 4 grupos + 1 grupo de PMAR, 96 alumnos/as 4º de ESO: 3 grupos, 57 alumnos/as
BACHARELATO	1º de Bacharelato de Ciencias e 1º de Humanidades e CC Sociais: 42 alumnos/as 2º de Bacharelato de Ciencias e 2º de Humanidades e CC Sociais: 47 alumnos/as

#### b. ANEXO II: Táboa de necesidades do alumnado no curso 2106-17

Necesidades	Alumnado					
	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	1ºBACH	2ºBACH
<b>Especiais</b>						
Discapacidade intelectual	1	2				
Discapacidade motórica						
Discapacidade sensorial						
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger		1				
Trastornos graves de conduta						
<b>Necesidades específicas de apoio educativo</b>	<b>1ºESO</b>	<b>2ºESO</b>	<b>3ºESO</b>	<b>4ºESO</b>	<b>1ºBACH</b>	<b>2ºBACH</b>
Altas capacidades	1		2			
TDAH	4	3	7	2	1	
Dislexia		1				1
Incorporación tardía	3		3		1	
Necesidades específicas de aprendizaxe	13	19	11	4		
<b>Desvantaxe socio-educativa</b>	<b>1ºESO</b>	<b>2ºESO</b>	<b>3ºESO</b>	<b>4ºESO</b>	<b>1ºBACH</b>	<b>2ºBACH</b>
Etnia xitana	7	5				
Desvantaxe socio-educativa	8	8	1			
<b>Atención educativa por enfermidade</b>	<b>1ºESO</b>	<b>2ºESO</b>	<b>3ºESO</b>	<b>4ºESO</b>	<b>1ºBACH</b>	<b>2ºBACH</b>
Atención educativa domiciliaria		1				
Atención educativa hospitalaria	1					

**c. ANEXO III: Alumnado estranxeiro no curso 2016-17**

País	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH	TOTAL
ANGOLA					2		2
BRASIL	3	3	2	1		2	11
BULGARIA					1		1
CHILE	1	1					2
COLOMBIA		1	1	1		1	4
CUBA						1	1
GUATEMALA	1		1				2
HONDURAS	1						1
ITALIA			1				1
MARROCOS	2						2
PARAGUAI					1		1
PERÚ			1				1
PORTUGAL				1			1
R. DOMINICANA	2		1				3
ROMANÍA	1	1					2
URUGUAI	2						2
VENEZUELA	2		1	1			4
<b>TOTAL</b>	15	6	8	4	4	4	41

**d. ANEXO IV: Táboa de información do alumnado do centro adscrito**

ALUMNO/A Data nac.	Resultados B/R/M	RE / Apoio PT / ACI	Flexibilización incorporación tardía	Situación familiar (B/M/R)	Absentismo (S/N)	Acoso (S/N)	MAD	Informes previos	HHSS TEI (1,2,3)

**e. ANEXO V: Táboas de avaliación inicial e de avaliación final**

V.1. Táboa de avaliación inicial por grupo elaborada entre a orientadora e a persoa titora da que se informa ao profesorado nas sesións de avaliación inicial na ESO:

ALUMNO/A Data nacemento	Centro de procedencia	Repetición	Materias sen superar o curso anterior	MAD recibidas o curso anterior	MAD propostas para este curso	Observacións (informes previos e situación socio-familiar)

V.2. Táboa de avaliación final por grupo elaborada entre a orientadora e a persoa titora para, unha vez cuberta coas decisión do equipo docente na avaliación extraordinaria, cubrir os informes de avaliación final en Xade:

ALUMNO/A Data nacemento	Medidas de atención á diversidade (MAD) recibidas	Avaliación continua	Grao de desenvolvemento das competencias clave e obxectivos xerais	Observacións e propostas para o curso seguinte

**f. ANEXO VI: Táboa informativa das necesidades e MAD para as programacións no curso 2016-17**

Necesidades do alumnado / Número de alumnado	Medidas no IES	Protocolos da Consellería E. O. U. e outras	Coordinación outras institucións
<b>Educativas especiais</b>			
Discapacidade intelectual: <i>1 en 1º ESO</i> <i>2 en 2º ESO</i>	B, D, E, F, I, J, K, M	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con discapacidade intelectual” <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644</a>	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos-Programa
Discapacidade motórica			
Discapacidade sensorial			
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) - Síndrome Asperger	B	“Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento” <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</a> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</a>	ASPERGA A Coruña, <a href="http://www.asperga.org/">http://www.asperga.org/</a>

<b>1 en 2º ESO</b>			
Trastornos graves de conduta	A, B, L	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia">http://www.edu.xunta.gal/portal/convivencia</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a>	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: Contratos - Programa
<b>Específicas de apoio educativo</b>			
Altas capacidades: <b>1 en 1º ESO</b> <b>2 en 3º ESO</b>	A, B, C, I	"Sobredotación intelectual" <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700</a> "Orientacións e respostas educativas: alumnado con sobredotación intelectual" <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/144</a>	-Coordinación con ASAC -Pautas do EOE da Coruña
TDAH: <b>4 en 1º ESO</b> <b>3 en 2º ESO</b> <b>7 en 3º ESO</b> <b>2 en 4º ESO</b> <b>1 en 1º BACH</b>	A, B, C, E, I, K, N	Terase en conta o establecido no punto 8.1, Anexo 1, apartado 8.1.2, de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario": <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546">http://www.edu.xunta.es/portal/node/13546</a>	-Orientacións da <i>Asociación compostelana de niños/as con TDAH</i> : <a href="http://www.acnhsantiago.org/">http://www.acnhsantiago.org/</a>
Dislexia: <b>1 en 2º ESO</b> <b>1 en 2º BACH</b>	A, B, C, D, E, I	"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe" <a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656">https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656</a>	-Orientacións da Asociación de Dislexia: <a href="http://www.agadix.es/">http://www.agadix.es/</a> -Orientacións EOE da Coruña -ANEXO XI, Proposta do DO
Incorporación tardía: <b>3 en 1º ESO</b> <b>3 en 3º ESO</b> <b>1 en 1º BACH</b>	D, E, F, G, H, I, J, K, M, O	Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro) <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146</a>	-UTS do Milladoiro -OMIX do Concello
Necesidades específicas de aprendizaxe: <b>13 en 1º ESO</b> <b>19 en 2º ESO</b> <b>11 en 3º ESO</b> <b>4 en 4º ESO</b>	A, B, C, D, E, F, I, J, K, M, N, O	"Orientacións e respostas educativas: alumnado con trastornos da aprendizaxe" <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3656</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/409</a>	-UTS do Milladoiro -OMIX do Concello: clases de reforzo -Contratos-Programa e Convenio con Igaxes3: Programa "Anaquiños Matemáticos"

<b>Desvantaxe socio-educativa</b>			
Ambientes desfavorecidos / marxinais:  <i>8 en 1º ESO</i> <i>8 en 2º ESO</i> <i>1 en 3º ESO</i>	A, B, C, D, I, J, L, N, O	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410</a>  Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3: <a href="http://www.igaxes.org/?lang=es">http://www.igaxes.org/?lang=es</a>	-UTS do Milladoiro -OMIX do Concello: clases de reforzo  -Convenio con Igaxes3 -Contratos-Programa
Etnia xitana:  <i>7 en 1º ESO</i> <i>5 en 2º ESO</i>	B, D, E, I, Ñ, O	Programas e plans: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791</a>	-Convenio de colaboración entre o IES do Milladoiro e o Secretariado xitano (Programa Promociona): <a href="https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/">https://www.gitanos.org/galicia/santiago_de_compostela/</a>
<b>Atención educativa por enfermidade:</b>			
Atención educativa domiciliaria  <i>1 en 2º ESO</i>	B, P	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722">http://www.edu.xunta.gal/portal/node/17722</a>	
Atención educativa hospitalaria  <i>1 en 1º ESO</i>	B, Q	Protocolo de atención educativa domiciliaria: <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a>	

#### g. ANEXO VII: Solicitud de intervención ao EOE

Cando se precisa a intervención dun especialista do EOE é preciso cubrir unha solicitude, que se envía, xunto co informe psicopedagóxico, ao servizo provincial de Inspección educativa. A solicitude descárgase no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/4456>

#### h. ANEXO VIII: Programa de lectoescritura

Suárez Yáñez, A. (2000): *Iniciación escolar a la escritura y lectura*. Madrid. Ed. Pirámide.

##### **Aspectos que traballar:**

##### 1. Exactitude lectora e ortográfica

##### 1.1. Obxectivos:

-Escribir e ler correctamente palabras, frases e textos que coñece o alumno/a.

-Escribir e ler correctamente palabras, frases e textos que o alumno/a non coñece ou que le e oe por primeira vez.

### 1.2. Exercicios:

-Deletreo e silabeo de palabras ditas polo alumno/a e oídas a outras persoas.

-Escritura:

a) Segmentar (contar as palabras, sílabas, letras) antes de escribir o que oe. Nun primeiro momento do que produce o propio alumno/a, e nun segundo momento do que producen outros.

b) Producción propia e espontánea de palabras, frases e textos. Ditados, autoditados e copiados.

-Lectura: lectura en voz alta do que o alumno/a escribe e doutros textos.

-Ruta visual: lectura de listas de palabras coñecidas e descoñecidas. Que o alumno/a dite palabras e frases e que recoñeza cada palabra.

## 2. Velocidade lectora. Automatización

-Ler repetidamente o mesmo texto nun día ou varios segundo se considere.

Pasos:

-Primeiro: o profesor/ao le o texto moi expresivamente.

-Segundo: fálase do texto.

-Terceiro: o alumno/a leo (se pode gravarse mellor), escóitao e volve lelo ata non cometer erros.

## 3. Comprensión lectora e composición escrita

### 3.1. Comprensión lectora:

-Flexibilidade lectora: descubrir os diferentes motivos polos que e para os que un le.

-Coñecementos previos do texto que se le. Vocabulario.

-Activación de coñecementos (sobre o contido do texto) antes, durante e despois da lectura do texto.

-Descubrir o propósito do autor do texto.

-Descubrir a estrutura e organización do texto.

-Xerarquizar o contido do texto: tema, idea principal, resumo.

-Xerar inferencias.

-Comprensión da linguaxe figurada.

### 3.2. Composición escrita:

-Ditados do alumno/a ao profesor e compañeiros/as.

-Composicións colectivas na clase.

-Método dos diálogos.



**i. ANEXO IX: Solicitudes e autorizacións para as medidas ordinarias e extraordinarias**

**Modelo 1. Autorización para a avaliación psicopedagóxica**

**Modelo 2. Rexistro de seguimento titorial do rendemento do alumnado**

**Modelo 3. Informe titorial do centro adscrito**

**Modelo 4. Consello orientador**

**Modelo 5. Informe trimestral e final do profesorado PT**

**Modelo 6. Informe de RE do profesorado**

**Modelo 7. Autorización familiar da exención de 2ª Lingua Estranxeira**

**Modelo 8. Autorización da dirección do centro para exención da 2ª Lingua Estranxeira**

**Modelo 9. Autorización familiar para o programa de HHSS**

**Modelo 10. Autorización familiar para PROA**

**Modelo 11. Autorización familiar para apoio PT**

**Modelo 12. Autorización familiar para agrupamentos flexibles**

**Modelo 13. Modificación do agrupamento flexible. Información ás familias**

**Modelo 14. Autorización familiar para integración de materias en ámbitos**

**Modelo 15: Informe titorial para PMAR**

**Modelo 16. Autorización familiar para PMAR**

**Modelo 17. Acta da comisión do PMAR**

**Modelo 18. Autorización e solicitude da Dirección á Inspección para PMAR**